CIENTÍFICAS EN VIÑETAS

Heroínas da enxeñaría e da tecnoloxía



Universidade Vigo

Unidade de Igualdade


CINTECX

Elaborado por:
CINTECX.

Maquetación e ilustracións:
Laura Antelo

Financiando pola:
Convocatoria do ano 2026 de axudas para a organización de actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e á transmisión de valores igualitarios na Universidade de Vigo.

ELISA LEONIDA ZAMFIRESCU NACEU EN 1887 EN GALATI, RUMANÍA, NUNHA FAMILIA NUMEROSA DE 11 IRMÁNS.



MÁIS TARDE REGRESEI A RUMANÍA PARA TRABALLAR NO INSTITUTO XEOLÓXICO DE BUCAREST, ONDE ANALIZABAMOS OS RECURSOS NATURAIS, MINERAIS E PETROLÍFEROS.

ELISA LIDEROU 12 LABORATORIOS, UN TRABALLO IMPRESCINDIBLE PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DO PAÍS.

ADEMAIS, FUN UNHA IMPORTANTE DEFENSORA DO USO RESPONSABLE DOS RECURSOS NATURAIS.

AS MIÑAS IDEAS SOBRE O COIDADO DO MEDIO AMBIENTE FORON PIONEIRAS, XA QUE PUXERON O FOCO NA RESPONSABILIDADE QUE TEMOS CO NOSO PLANETA.

AS SÚAS INVESTIGACIÓNS EN XEOLOXÍA APLICADA AXUDARON A OPTIMIZAR A EXPLOTACIÓN DO RECURSOS E CONTRIBUÍRON AO PROGRESO DO PAÍS.

EN 1914, CO ESTOUPIDO DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL, UNIUSE Á CRUZ VERMELLA, ONDE AXUDOU A SALVAR VIDAS EN DURÍSIMAS CONDICIÓNS.

FOI DESTINADA COMO ENFERMEIRA E DIRECTORA DE HOSPITAIS DE CAMPAÑA POLA SÚA GRAN HABILIDADE ORGANIZATIVA E DE LIDERADO.

EN 1937 FUN ADMITIDA COMO MEMBRO DE PLENO DEREITO NA ASOCIACIÓN XERAL DE ENXEÑEIROS DE RUMANÍA.

AO REMATE DA GUERRA REGRESEI AO INSTITUTO XEOLÓXICO PARA CONTINUAR CO MEU TRABALLO.

NA MIÑA VIDA ENFRONTEIME CONSTANTEMENTE CO SEXISMO E A DISCRIMINACIÓN. AS MIÑAS CONTRIBUCIÓNS FORON MOITAS VECES IGNORADAS OU MINIMIZADAS.

PORÉN, NUNCA DEIXEI QUE ESTAS INXUSTIZAS ME DESANIMARAN E ENDEXAMAIS ABANDONEI O MEU CAMIÑO DA CIENCIA.

NO ANO 1919 NACEU BEATRICE HICKS, UNHA BRILLANTE ENXEÑEIRA ESTADOUNIDENSE QUE, COA SÚA FORZA E DEDICACIÓN, ABRIU CAMIÑO ÁS MULLERES NESTE SECTOR.

PREPARADAS, LISTAS... A INVENTAR!

DAQUELA O COÑECEMENTO NON ERA ACCESIBLE PARA A MAIORÍA DAS MULLERES, QUE NON TIÑAN OPORTUNIDADE DE CONTINUAR OS SEUS ESTUDOS SUPERIORES.

POR SORTE, NACÍN NUNHA FAMILIA CON MENOS PREXUÍZOS!

O MEU PAI ERA ENXEÑEIRO QUÍMICO E DENDE NENA TRANSMITIUME A SÚA PAIXÓN POLA CIENCIA

EN 1939 OBTIVO O TÍTULO DE BACHELOR OF SCIENCIE EN ENXEÑERÍA QUÍMICA, COMO UNHA DAS POUCAS MULLERES NO CAMPO. E EN 1949, UN MESTRADO EN FÍSICA NO STEVEN INSTITUTE OF TECHNOLOGY.

PERO A COUSA NON SE QUEDOU AÍ!

PARA CONTINUAR TRABALLANDO NO QUE MÁIS ME GUSTABA, TRASLADEIME A NEWARK CONTROLS COMPANY.

COMO PRESIDENTA, LIDEREI VARIOS EQUIPOS.

FOI ALÍ ONDE DESENVOLVEU O SEU INVENTO MÁIS FAMOSO: O SENSOR DE DENSIDADE DE GAS, PATENTADO EN 1962.

ESTE SENSOR FOI UTILIZADO POLA NASA NO SEU PROGRAMA APOLLO.

TAMÉN EN AVIÓNS E SISTEMAS DE SEGURIDADE NUCLEAR.

BEATRICE TAMÉN DESENVOLVEU OUTROS SENSORES PARA MEDIR A PRESIÓN, O FLUXO E O NIVEL DE COMBUSTIBLE, QUE SE UTILIZARON EN SOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E AERONÁUTICAS.

EN 1950 FUNDEI A SOCIETY OF WOMEN ENGINEERS E EN 1940 ORGANICEI A PRIMEIRA CONFERENCIA INTERNACIONAL DE MULLERES ENXEÑEIRAS E CIENTÍFICAS.

O CINTECX CONVOCA TÓDOLOS ANOS O PREMIO BEATRICE HICKS, EN HONOR Á SÚA TRAXECTORIA E A SÚA LABOR EN FAVOR DAS MULLERES CIENTÍFICAS.

O TRABALLO, O INTELECTO E O ENXEÑO DAS MULLERES LOGRARON GRANDES AVANCES NA CIENCIA E NA TECNOLOXÍA!

PODEMOS AXUDAR ÁS PERSOAS Á VEZ QUE COIDAMOS DO MEDIO AMBIENTE? NORAH MAGERO TEN A CHAVE!

NACÍN EN KENIA EN 1988.

SON ENXEÑEIRA MECÁNICA E EXPERTA EN ENERXÍAS RENOVABLES.

NORAH É COFUNDADORA E DIRECTORA EXECUTIVA DE DROP ACCESS, UNHA EMPRESA SOCIAL LIDERADA POR MULERES E XÓVENES.


A MIÑA EMPRESA XERA SOLUCIÓNS ENERXÉTICAS CON MATERIAIS LOCAIS.

UN DÍA, FIXEIME EN QUE OS AGRICULTORES LOCAIS TIÑAN PROBLEMAS PARA CONSERVAR O LEITE.

ASÍ QUE DESEÑEI UNHA NEVEIRA PARA MELLORAR O SEU TRANSPORTE.

COA CHEGADA DA PANDEMIA DE COVID-19, NORAH DEUSE CONTA DE QUE HABERÍA MOITAS ÁREAS RURAIS DE DIFÍCIL ACCESO ONDE NON CHEGARÍAN AS VACINAS...

NON PODÍA PERMITILO! XUNTO CO MEU EQUIPO, DESEÑEI A NEVEIRA VACCIBOX!



VACCIBOX INCORPORA UN SISTEMA CAPAZ DE MONITOREAR A TEMPERATURA, O ESTADO DA BATERÍA E A UBICACIÓN.

ENCANTADO DE COLABORAR!

É TAN LIXEIRO QUE PODE TRANSPORTARSE EN BICICLETA OU INCLUSO A PÉ!

UTILIZA ENERXÍA RENOVABLE E É DE FABRICACIÓN LOCAL.

GRAZAS A VACCIBOX, AS TASAS DE VACINACIÓN AUMENTARON UN 150%. ADEMAIS, DROP ACCESS ALMACENOU E DISTRIBUÍU MÁIS DE 700.000 VACINAS.

EN 2022 NORAH CONVERTEUSE NA PRIMEIRA KENIANA E SEGUNDA MULLER EN GAÑAR O AFRICA PRIZE FOR ENGINEERING INNOVATION DA REAL ACADEMIA DE ENXEÑARÍA.


AO IGUAL QUE MILLÓNS DE MULLERES, TAMÉN ME ENVARGO DO COIDADO DOS MEUS FILLOS, ADEMAIS DE SER CEO DA MIÑA EMPRESA.

OXALÁ NUN FUTURO PRÓXIMO AS MULLERES E AS NENAS TEÑAN AS MESMAS OPORTUNIDADES

IMAXINO UNHA ÁFRICA PIONEIRA DO SEU FUTURO TECNOLÓXICO QUE TEÑA O SEU PROPIO SISTEMA DE FABRICACIÓN.

ISO CREARÁ MILLÓNS DE POSTOS DE TRABALLO E RESPECTARÁ O MEDIO AMBIENTE!





@cintecx

Universidade Vigo

CINTECX. Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais

cintecx.uvigo.es
cintecx@uvigo.gal
986 130 223

XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado por la Unión Europea

Fondos Europeos